



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|---|--------------------|---------------------|-----------|
| Datos Identificativos | | | | 2023/24 |
| Asignatura (*) | Xestión da Náutica Deportiva | | Código | 631G01503 |
| Titulación | Grao en Náutica e Transporte Marítimo | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 2º cuatrimestre | Terceiro | Optativa | 6 |
| Idioma | CastelánGalego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Ciencias da Navegación e Enxeñaría Mariña | | | |
| Coordinación | Pérez López, Lidia | Correo electrónico | lidia.perezl@udc.es | |
| Profesorado | Pérez López, Lidia | Correo electrónico | lidia.perezl@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | <p>A materia de ?Xestión da Náutica Deportiva? forma parte do plan de estudos do Grao en Náutica e Transporte Marítimo como unha optativa do terceiro curso que se imparte no 2ª Cuatrimestre. Ten 6 créditos o que supón para o estudante 150 horas de traballo.</p> <p>Esta materia pretende que o alumnado coñeza o mundo da náutica deportiva. Para iso estudaríanse as embarcacións de recreo, as instalacións náutico-deportivas, as titulacións náuticas de recreo e os distintos contratos que existen.</p> <p>Se o tempo o permite fárbase algunha visita o velero da UDC ?Breogán Cuatro? para coñecer o seu interior e o que contén.</p> | | | |

| Competencias do título | |
|------------------------|--|
| Código | Competencias do título |
| A1 | Controlar as boas prácticas de seguridade e saúde no traballo. |
| A5 | Interpretación, análise e aplicación práctica dos fundamentos e Institucións de Dereito e Economía para administrar, xestionar e explotar o buque, a empresa marítima, o negocio marítimo e transporte, e a empresa náutico-deportiva. |
| A13 | Coñecer o funcionamento e alcance do seguro marítimo no ámbito nacional e internacional. |
| A17 | Adoptar as medidas axeitadas en casos de emerxencias. |
| A27 | Controlar o cumprimento das prescricións lexislativas. |
| A33 | Protexer o medio mariño e aplicar criterios de sostibilidade ambiental ao transporte marítimo. |
| A34 | Manter a seguridade e protección do buque, da tripulación e os pasaxeiros, así como o bo estado de funcionamento dos sistemas de salvamento, de loita contra incendios e demais sistemas de seguridade. |
| B1 | Aprender a aprender. |
| B4 | Comunicarse de xeito efectivo nun ámbito de traballo. |
| B5 | Traballar de forma autónoma con iniciativa. |
| B6 | Traballar de forma colaboradora. |
| B10 | Versatilidade. |
| B11 | Capacidade de adaptación a novas situacións. |
| B12 | Uso das novas tecnoloxías TIC, e de Internet como medio de comunicación e como fonte de información. |
| B15 | Capacidade para adquirir e aplicar coñecementos. |
| B17 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma |
| B18 | Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro. |
| B19 | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. |
| B21 | Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras. |
| B24 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |



| | |
|----|--|
| C4 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C5 | Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|--------------------------------|---|----------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias do título | | |
| Coñecer e analizar a historia da náutica deportiva o longo do tempo no ámbito nacional e internacional | A5 A34 | B4 B6 B11 | C4 |
| Clasificar e distinguir a normativa nacional e autonómica que regula a actividade náutica deportiva, as titulacións de recreo e as instalacións náutico deportivas. | A5 A13 A27 | B4 B5 B6 B17 | C4 |
| Diferenciar e inspeccionar os elementos de seguridade, salvamento e loita contra a contaminación, así como coñecer e saber utilizar as axudas á navegación e equipos de radiocomunicacións dunha embarcación de recreo. | A1 A17 A27 A33 A34 | B10 B11 B15 | C4 C5 |
| Deseñar un plan de xestión e explotación dunha instalación náutico deportiva ou dunha embarcación de recreo | A1 A5 A27 A33 A34 | B1 B5 B10 B11 B12 B15 B17 B18 B19 B21 B24 | C4 C5 |

| Contidos | |
|--|---|
| Temas | Subtemas |
| Tema 1: Historia da náutica deportiva | 1.1 Antecedentes históricos da náutica de recreo. 1.2 Evolución das embarcacións de vela e de recreo. 1.3 Historia das competicións de vela desde o S. XIX ata a actualidade. 1.4 Xurdimento e evolución da náutica deportiva e de recreo en España. |
| Tema 2: Normativa nacional e autonómica | 2.1 Definición de embarcación e buque de recreo. 2.2 Documentación e trámites a seguir dunha embarcación de recreo. 2.3 Regulación do chárter náutico. 2.4 Titulacións náutico deportivas: atribucións, competencias e procedemento de obtención. |
| Tema 3: Instalacións náutico deportivas. | 3.1 Autorizacións e concesións administrativas. 3.2 Modalidades de xestión e explotación. 3.3 Servizos ofrecidos. 3.4 Plan de protección ambiental. 3.5 Estacións náuticas. |



| | |
|--|--|
| Tema 4: Seguridade, salvamento e loita contra a contaminación. | <p>4.1 Normativa relativa a seguridade e contra a contaminación que deben cumprir as embarcacións de recreo.</p> <p>4.2 Inspección e homologación de dispositivos de seguridade, salvamento e loita contra a contaminación.</p> <p>4.3 Equipos de radio e axudas a navegación: procedemento de comprobación.</p> |
|--|--|

| Planificación | | | | |
|-------------------------------|--|-------------------|---|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
| Análise de fontes documentais | A34 B21 | 2 | 4 | 6 |
| Resumo | A5 B4 B6 B21 B24 C4 | 2 | 2 | 4 |
| Presentación oral | B4 B6 B21 B24 | 2 | 4 | 6 |
| Esquemas | A5 A13 B19 | 2 | 4 | 6 |
| Presentación oral | A5 A27 B19 | 2 | 6 | 8 |
| Prácticas de laboratorio | A1 A17 A27 A34 | 10 | 10 | 20 |
| Portafolios do alumno | A1 A17 A27 A33 A34 | 1 | 7 | 8 |
| Traballos tutelados | A1 A5 A27 A33 B1 B5 B10 B11 B12 B17 B18 B21 B24 C5 | 10 | 32 | 42 |
| Sesión maxistral | A5 A13 A27 A34 B4 B12 B15 B17 B21 B24 | 36 | 12 | 48 |
| Atención personalizada | | 2 | 0 | 2 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|-------------------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Análise de fontes documentais | Esta actividade consiste na visualización do documental "The Weekend Sailor" e analizar o seu contido a través de diferentes preguntas expostas polo profesor. A través delas preténdese profundar na organización, retos e desafíos das regatas transoceánicas, o traballo en equipo e a seguridade da navegación así como nos antecedentes históricos das mesmas e o espírito emprendedor que leva aos mariños para embarcarse nelas. |
| Resumo | Nesta actividade o alumnado elaborará un resumo no que se pretende recoller, destacar e relacionar as principais ideas e conceptos sobre a evolución da náutica deportiva e de recreo desde o S. XVII ata a actualidade. |
| Presentación oral | O alumnado analizará o xurdimento e evolución da náutica deportiva e de recreo en España, así como o desenvolvemento da planificación das instalacións náutico deportivas e o contexto socioeconómico no que se produciría. Para iso facilitarase ao alumnado unha serie de textos para a súa análise. Cos resultados obtidos elaborarán unha presentación para expoñer na aula. |
| Esquemas | Trátase dunha actividade mediante a que se persegue a determinación, comparación e organización da normativa que regula a práctica da náutica de recreo e as instalacións náutico deportivas en Galicia e en España a través da elaboración dun esquema. O alumnado irá confeccionado a medida que se expoñen as diferentes leis e normas nas sesións maxistrais. |
| Presentación oral | Esta actividade consiste na análise detallada da normativa que regula as titulacións náutico-deportivas. Para iso o alumnado examinará a normativa que as regula e cos resultados obtidos confeccionará unha presentación para a súa exposición na aula. |
| Prácticas de laboratorio | Trátase de prácticas que se farán a bordo do motovelero Breogán IV consistentes na inspección e comprobación dos elementos de seguridade, loita contra incendios e prevención da contaminación así como das axudas á navegación e equipos de radiocomunicacións; disposición da jarcia firme, da jarcia de labor e os elementos de amarre e fondeo e as comprobacións rutineiras que deben facerse antes de que a embarcación se faga á mar. |
| Portafolios do alumno | A través desta actividade o alumnado reflectirán os resultados das prácticas realizadas a bordo do Breogán Cuatro. |



| | |
|---------------------|--|
| Traballos tutelados | Consistirá no deseño dun plan de xestión e explotación dunha instalación náutico deportiva e a preparación dunha presentación oral para a exposición do mesmo. Como parte deste o alumnado terá que avaliar as tendencias, retos e oportunidades actuais do sector da náutica deportiva e de recreo. |
| Sesión maxistral | Nas sesións maxistrais expoñeranse de forma activa e buscando a participación do alumnado os contidos da evolución da náutica deportiva e de recreo así como da normativa nacional e autonómica que regula a actividade. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---------------------|--|
| Traballos tutelados | <p>O alumnado que esté a realizar o traballo tutelado presentará semanalmente dentro do horario de clase adicado a isto, un resumo indicando o progreso realizado así como as dúbidas que xurden. O profesor resolverá estas dúbidas no momento ou por correo electrónico dependendo da complexidade da dúbida plantexada. O seguemento farase preferentemente de forma individualizada.</p> <p>O alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial poderá presentar os seus avances mediante correo electrónico de forma semanal. O profesor resolverá as dúbidas que poidan aparecer polos mesmos medios ou organizando unha reunión.</p> |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias | Descrición | Cualificación |
|-------------------------------|--|---|---------------|
| Análise de fontes documentais | A34 B21 | Para a súa avaliación terase en conta: ? A entrega na data indicada polo profesor. ? Participación na aula cando se discutan as respostas das preguntas. | 5 |
| Presentación oral | B4 B6 B21 B24 | A presentación evaluarase atendendo a unha rúbrica. | 10 |
| Esquemas | A5 A13 B19 | Para a súa avaliación terase en conta: ? A entrega na data indicada polo profesor. ? Explicación na aula. | 10 |
| Presentación oral | A5 A27 B19 | A presentación evaluarase atendendo a unha rúbrica. | 15 |
| Portafolios do alumno | A1 A17 A27 A33 A34 | O portafolios avaliarase atendendo a unha rúbrica e calificarase sobre 10 puntos. Será preciso acadar polo menos un 5/10 para que a nota faga media cas demais actividades e traballos da asignatura. | 20 |
| Traballos tutelados | A1 A5 A27 A33 B1 B5 B10 B11 B12 B17 B18 B21 B24 C5 | O traballo avaliarase atendendo a unha rúbrica e calificarase sobre 10 puntos. Será preciso acadar polo menos un 5/10 para que a nota faga media cas demais actividades e traballos da asignatura. | 30 |
| Resumo | A5 B4 B6 B21 B24 C4 | Para a súa avaliación terase en conta: ? A entrega na data indicada polo profesor. ? Explicación na aula. | 10 |

Observacións avaliación



SITUACIONES1. O alumnado que vaia facendo e entregando as actividades plantexadas no aula e, ou, no campus virtual, nos prazos indicados polo profesor, será avaliado de forma continua atendendo as metodoloxías descritas na guía docente.2. O alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, segundo establece a "NORMA QUE REGULA O RÉXIME DE DEDICACIÓN AO ESTUDO DOS ESTUDANTES DE GRAO NA UDC (Arts. 2.3; 3.b; 4.3 e 7.5) (04/05/2017) poderá realizar as actividades descritas nas metodoloxías da guía docente salvo aquelas para as que a súa realización sexa preciso asistir as prácticas. No caso destas últimas, o profesor asignaralle a este alumnado diferentes actividades para ser expostas en horario de titorías. REQUISITOS PARA SUPERAR A MATERIA1. Entregar e expoñer as actividades no prazo indicado. No caso de presentarse máis de unha actividade fora do prazo de entrega indicada polo profesor ou non entregarse, o alumnado será avaliado mediante unha proba obxectiva final en xuño que consistirá nunha proba escrita de preguntas de respostas curtas.2. A convocatoria de Xullo será tamén unha proba escrita de preguntas de respostas curtas.3. A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso "0" na materia na convocatoria correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación de cara a convocatoria extraordinaria.

Fontes de información

| | |
|------------------------------------|--|
| Bibliografía básica | <ul style="list-style-type: none">- María José Morillas Jarillo, Juan Luis Pulido Begines, María Victoria Petit Lavall (2020). Tratado de la navegación deportiva y de recreo. Marcial Pons- Pablo López Varela, Santiago Iglesias Baniela, Felipe Antelo González (2007). Análisis jurídico de la náutica deportiva. Reprografía Noroeste S.L.- Domingo, Jesús, ed.lit. González, Paloma, coord. ed.lit. (2011). El curso de navegación de Glenáns. Tutor |
| Bibliografía complementaria | <ul style="list-style-type: none">- Schult, Joachim (2006). Teoría y práctica de las velas: Nuevos diseños, materiales modernos, trimado y optimización. Tutor- Gibson, Rob (2011). Manual de trimado de velas para navegantes de crucero. Tutor |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Seguridade Marítima/631G01211

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías